

---

## Edicto

En cumprimento do establecido no Real decreto legislativo 2/2004 e o Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro; e demais normas concordantes, exporase ó público na Sección de Facenda e Patrimonio do Concello de Ferrol, durante quince días contados dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a matrícula do Imposto de actividades económicas correspondente ó período 2022, achegada pola Delegación Provincial da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Os interesados poderán formular os seguintes recursos sen que podan simultanearse:

- Recurso de reposición potestativo ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria da Coruña.
- Reclamación económico-administrativa ante o Tribunal económico-administrativo da Coruña.

O prazo de interposición destes recursos é de un mes contado a partir do día seguinte inmediato ó remate do período de exposición pública da matrícula, sen que a interposición do recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa dea orixe á suspensión dos actos liquidatorios subseguintes, salvo que así o acorde expresamente o órgano administrativo ou o Tribunal económico-administrativo citado de conformidade co artigo 233 da Lei 58/2003, de 26 de novembro.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi,

María Teresa Deus Trasobares